



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Lingua Galega 2	Código	613G03014	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo normativo da lingua galega			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega	A9		
Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica	A15		
Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega	A20		
Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega	A21		
Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega	A18		
Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego.			C1
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse			C6
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual	A2		
Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade		B8	B10
Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Introducción. Lingua galega, norma e usos	1.1. A lingua galega na perspectiva histórica e na actualidade 1.2. Gramática descritiva e gramática prescritiva 1.3. A norma, a variación lingüística e as interferencias
2. A calidade lingüística	2.1. Estilos e rexistros: a lingua (in)formal 2.2. A oralidade: Algúns trazos gráfico-fónicos 2.3. Principais aspectos morfosintácticos, léxicos e pragmáticos
3. A planificación do status da lingua galega	3.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 3.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual 3.3. O galego na Administración, no ensino e noutros ámbitos
4. A planificación do corpus da lingua galega	4.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos 4.2. Modelos de lingua para o século XXI 4.3. A planificación do léxico
5. As modalidades do galego	5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués 5.2. Galego, Portugués, Brasileiro. Análise contrastiva 5.3. A variación lingüística na Galiza e na Lusofonía/ Galeguía

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A2 A4 A9	2	6	8
Traballos tutelados	A10 A11 A15 B3 B6 B7 B8	2	20	22
Sesión maxistral	A18 B5 C6	21	12	33
Presentación oral	A4 A9 B4 C1	2	6	8
Recensión bibliográfica	A2 A9 A10 A11 A14 B1 B5 B6 B9 C1 C6	1	4	5
Seminario	A2 A4 A9 A10 A11 A20 A21 B5 B6 B10	6	12	18
Lecturas	A2 A10 A11 A14 B1 B3 B5 B7 C6	1	12	13
Obradoiro	A2 A4 A9 A10 A11 A20 A21 B5 B6 B10	4	16	20
Estudo de casos	A2 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B7 B8 B10	6	16	22
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Instrumento de avaliación dos contidos focados nas "Sesións Maxistrals" (vid).
Traballos tutelados	Actividade integrada no desenvolvemento dos "Seminarios" (vid) destinada a fomentar a aprendizaxe autónoma e colaborativa entre o alumnado.



Sesión maxistral	<p>Presentación, desenvolvemento e análise de contéudos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.</p> <p>A avaliación será feita a través dunha &quot;Proba Mixta&quot; consistente na realización dunha proba destinada a avaliar a competencia e o desempeño atinxidos en relación a aqueles contéudos teóricos expostos polo profesorado durante esas sesións na sala de aulas. Esta proba estará focada preferentemente para a realización de ensaios teóricos (desenvolvemento de temas ou comentarios) ou para análises específicas de textos escritos ou de calquera outro material utilizado ao longo das sesións presenciais.</p>
Presentación oral	<p>O &quot;Traballo Tutelado&quot; será acompañado e presentado nos &quot;Seminarios&quot; necesarios ao efecto (véxanse os ítems marcados entre aspas).</p> <p>A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos contéudos vehiculados constitúen os principais elementos a levar en conta polo alumnado neste tipo de actividade.</p>
Recensión bibliográfica	<p>Derivada da &quot;Lectura&quot; contemplada na estrutura dos &quot;Seminarios&quot; realizados ao longo do curso académico (vid termos entre aspas). Como todos os materiais será disponibilizada para o conxunto da turma através da plataforma moodle.</p>
Seminario	<p>Ao longo dos &quot;Seminarios&quot; (grupos reducidos) será realizado o acompañamento dos labores propios da materia.</p> <p>Serán atendidas especificamente as seguintes cuestións:</p> <p>1) Un TRABALLO TUTELADO elaborado utilizandando metodoloxías con base na &quot;aprendizaxe colaborativa&quot;, do cal se deriva tamén a correspondente &quot;Presentación Oral&quot;.</p> <p>Este traballo consiste nunha actividade en grupo reducido (dúas ou tres persoas, en función do volume de matrícula) na cal deberá ser realizado un estudo cualitativo dun discurso en lingua galega de acordo cos parámetros e os modelos fornecidos polo profesorado na sala de aulas.</p> <p>O procedemento para a realización deste traballo consiste en:</p> <ul style="list-style-type: none">- selección dun discurso público (oral en formato audiovisual) para a súa análise de acordo cos parámetros teóricos fornecidos polo docente,- elaboración dun roteiro específico e unha memoria da actividade,- acompañamento periódico por parte do docente dos labores relacionados coa actividade, quer na sala de aulas, quer no atendimento personalizado,- preparación de materiais para a presentación de resultados,- exposición na sala de aulas, e- disponibilización para o conxunto do alumnado a través da plataforma moodle. <p>2) Unha LECTURA seleccionada entre unha listaxe fornecida polo profesorado e a correspondente &quot;Recensión bibliográfica&quot; individual, realizada de acordo cos modelos e os parámetros fornecidos polo docente, e que despois deberá ser disponibilizada para o conxunto do grupo a través do moodle.</p> <p>3) Cada alumno/a deberá presentar oralmente ao conxunto da turma os procesos e os resultados do Traballo Tutelado realizado. Durante esa presentación oral, o alumnado deberá utilizar os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrar a asunción e a aplicación práctica dos contéudos, destrezas e competencias abordados durante o curso.</p>
Lecturas	<p>Tarefa integrada nos traballos propios dos &quot;Seminarios&quot; (vid).</p>
Obradoiro	<p>Durante as sesións aquí identificadas como &quot;Obradoiros&quot; (grupos medios), o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contéudos apresentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas coa expresión oral e escrita que fan parte dos obxectivos da materia.</p> <p>Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e, sobre todo, estudos de caso.</p>
Estudo de casos	<p>Integrados no desenvolvemento tanto dos &quot;Seminarios&quot; como dos &quot;Obradoiros&quot; (vid).</p>



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do &quot;Traballo Tutelado&quot;. De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A2 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B7 B8 B10	Será avaliada a participación e o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	30
Presentación oral	A4 A9 B4 C1	Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipa e a utilidade da presentación para os propósitos da materia.	5
Recensión bibliográfica	A2 A9 A10 A11 A14 B1 B5 B6 B9 C1 C6	Será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo.	10
Traballos tutelados	A10 A11 A15 B3 B6 B7 B8	Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, a participación ao longo dos traballos realizados nos "seminarios" destinados ao efecto, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado".	15
Proba mixta	A2 A4 A9	Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos apresentados e estudados nas sesións maxistrais.	40

Observacións avaliación

<p>Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.</p> <p>Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis. O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás sesións de atendimento, deberá porse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia. Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se apresentar á proba mixta ou que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica

- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Santiago de Compostela. Laiovento
- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega
- Bassols, M. / A. M. Torrent (1997). Modelos textuales. Teoría y práctica. Barcelona. Octaedro
- Cassany, D (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama
- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias
- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote
- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais
- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia
- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento
- Hermida Gulías, Carme (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Hernández Guerrero, J. A. / M. C. García Tejera (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona. Ariel
- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.
- Koch, I. G. V. / V. M. Elias (2006). Ler e comprender os sentidos do texto.
- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía
- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia
- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Nogueiro Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.
- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais
- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina



Bibliografía complementaria

- Adam, J. M. (1992). Les textes: Types et prototypes. Paris: Nathan
 - Bordons, G. / J. M. Castellà / E. Costa (1998). TXT La lingüística textual aplicada al comentari de textos. Barcelona: Universitat de Barcelona
 - Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel
 - Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega
 - Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource
 - Freixeiro Mato, X. R. (2006 [2003]). Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra
 - Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002). Mecanismos lingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras. Madrid: Arco/Libros
 - Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007). La argumentación lingüística y sus medios de expresión. Madrid: Arco Libros
 - Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês>Galego). Ourense: Associação Galega da Língua
 - Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola
 - Koch, I. G. V. (1992). A inter-ação pela linguagem. São Paulo: Contexto
 - Koch, I. G. V. (1997). O texto e a construção dos sentidos. São Paulo: Contexto
 - Koch, I. G. V. (2004). Introdução à lingüística textual. São Paulo: Martins Fonte
 - Koch, I. G. V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007). Intertextualidade: Diálogos Possíveis. São Paulo: Cortez
 - Marcuschi, L. A. (1983). Lingüística do texto: o que é e como se faz. Recife: Universidade Federal de Pernambuco
 - Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez
 - Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática
 - Moreira, I. (2007). Correspondência Comercial. Lisboa: Edições Técnicas e Profissionais
 - Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel
 - Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros
 - Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento
 - Santiago Guervós, J. de (2005). Princípios de comunicación persuasiva. Madrid: ArcoLibros
 - Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya
 - Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac
 - Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta
 - Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed
 - Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins
- ANDAIME, RECURSOS LINGÜÍSTICOS: [6/8](http://andaime.blogaliza.org/recursos/recursos-linguisticos/Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes(Paris: Nathan).Bordons, G. /J. M. Castellà / E. Costa (1998): TXTLalingüística textual aplicada al comentari de textos(Barcelona: Universitat de Barcelona).Calsamiglia Blancafort, H. / A.Tusón Valls (1999): Lascosas del decir: manual de análisis del discurso(= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel).FernándezRei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivassobre a oralidade(Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).Flesch, R. /A. H. Lass (1996):The Classic Guide to Better Writing(New York: Harper Resource).Freixeiro Mato, X. R. (2006)[2003]: Gramática dalingua galega IV. Gramática do texto(Vigo: A Nosa Terra).FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismoslingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras(= Bibliotheca Philologica) (Madrid:Arco/Libros).FuentesRodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): Laargumentación lingüística y sus medios de expresión(Madrid: Arco Libros).Garrido, C. (2001): AspectosTeóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica(Inglês>Galego)(Ourense: Associação Galega da Língua).Kerbrat-Orecchioni,C. (2006): Análiseda conversação. Princípios e métodos.Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola).Koch, I. G. V.(1992): Ainter-ação pela linguagem(São Paulo: Contexto).Koch, I. G. V.(1997): Ottexto e a construção dos sentidos(São Paulo: Contexto).Koch, I. G. V.(2004): Introduçãoà lingüística textual(São Paulo: Martins Fonte).Koch, I. G.V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade:Diálogos Possíveis(São Paulo: Cortez).Marcuschi, L.A. (1983): Lingüísticadotexto: o que é e como se faz(Recife: Universidade Federal de Pernambuco).Marcuschi, L.A. (2000): Dafala para a escrita(São Paulo: Cortez).Marcuschi, L.A. (2001) [1986]: Análiseda conversação(São Paulo:</p></div><div data-bbox=)

Ática).Moreira, I. (2007):CorrespondênciaComercial (Lisboa:Edições Técnicas e Profissionais).Plantin, Ch. (1998): Laargumentación(Barcelona: Ariel).Reyes, G. (1998): Cómoescribir bien en español. Manual de redacción(Madrid: Arco Libros).Sánchez Rei, X. M. (2006): Alingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros(Santiago de Compostela: Liovento). Santiago Guervós, J. de (2005):Principios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros).Serrano Serrano, J. (2002): Guía práctica de redacción (Madrid: Anaya).Studer, Jürg (2000) [1996]: Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac).Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta).Weston, Anthony (2004). Lasclaves de la argumentación(Barcelona: Ariel, 9ª ed.).Zinsser, W.(2005): OnWriting Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction(New York: Collins).



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G01002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías